

Compostela, 3 - II - 75

Querido Luis:

O meu amigo Xesús Piñeiros quere facer a tesis de Licenciatura en Arte sobre a tua pintura. Como sabes, agora hai a Sección de Arte na nosa Facultade de Filosofía e Letras, na que o meu amigo é alumno avanzado, polo que ten que ir preparando a tesis de Licenciatura. Quería facela sobre un tema do arte galego e escolleu a tua pintura. Por se dar a feliz circunstancia de estares ti en Galicia, aconsellalle que se pona en contacto persoal contigo, oportunidade que lle interesou moito. Por eso lle dei o teu enderezo e mais esta carta de presentación.

Unha forte aperta do teu amigo

T. 430 556

Ramon Piñeiros